

GUÍA DE LECTURA DE LIBROS DE FÍSICA E QUÍMICA



Los secretos del agua.

Autor: Emmanuel Chanut.

Ilustrador: Rémi Saillard.

Edición: Boadilla del Monte, SM, 2005.

Libro para 6-12 anos

Divértete realizando experimentos e descubriendo os segredos da auga. Por que flotan os obxectos na auga? Como se forman as burbullas? Sabes facer pegamento coa auga? Con textos sinxelos e simpáticas

ilustracións.



Las travesuras de la química


Autor: Régis, Faller(ilu) y Matheu Roussel(ilu)

Edición: Madrid, SM, 2002.

De 8 a 12 anos.

Un libro para descubrir todos os segredos da química mediante divertidos experimentos.

Descríbense algúns curiosos procesos químicos e móstrase a materia de certos obxectos da vida cotiá. Todos isto dun xeito práctico, mediante unha serie de experimentos para realizar.



Faraday y la ciencia de la electricidad.

Autor: Williams, Brian.

Edición: Barcelona, Tayrona, 2007.

Libro infantil.

Imaxinas un mundo sen electricidade? Sen luz eléctrica ao acender ó interruptor, sen enerxía para quentar noso fogar, cociñar, arrancar ó coche ou facer funcionar ó televisor ou ó ordenador? Faraday ensinounos cómo producir electricidade e cómo construír máquinas eléctricas. Faraday pulsou ó interruptor que acendeu ó mundo moderno. se frotas ámbar con un cacho de tela, produces electricidade estática. Os raios son chispas xigantes producidas por partículas cargadas nas nubes. Podes facer unha pila cun limón. A electricidade soamente flúe a través dun circuío.



¡Alucina con la física!

Autor: Richard Hammond.

Edición. Madrid, SM, 2007.

Xénero: Física.

Libro infantil.

Pensas que a física é aburrida? Pénsao outra vez! Propoñémosche unha viaxe emocionante e cheo de enerxía a través do tempo, o espazo e ó máis alá. Unha viaxe na que descubrirás que a física non só está nos laboratorios senón que forma parte da túa vida e podes encontrala na cociña, no baño, no coche... Incluso dentro de ti. Sabes porque a terra non deixa de xirar? Ou porque se te encolle o estómago cando baixas pola montaña rusa? Ou como camiñan as moscas polo teito sen caerse? Ou porque o ceo é azul? Encontra a resposta a estas e moitas máis preguntas. Alucina coa física!



Atlas básico de física y química

Autor: Jordi Llansana.


Edición: Barcelona, Parramón, 2003.

Xénero: Física.

ESO.

O propósito deste atlas é presentar a física e a química de forma clara, amena e interesante fuxindo sempre que sexa posible das fórmulas matemáticas. O propósito do Atlas é ser un valioso complemento ao libro de texto.

A riqueza e calidade das ilustracións facilitan a comprensión da teoría da física e da química, así como as súas aplicacións prácticas. O texto complementase con flashes ou recadros de curiosidade. Por último, un exhaustivo índice alfabético de materias permite ao lector localizar ao instante ó concepto que busca.



Luz e son

Autor: Goldsmith, Mike.


Edición: Baía, 2007.

Xénero: Física.

Libro infantil e xuvenil.

O mundo da luz, Ollos e visión, As cores, Facer luz, A luz do Sol, Luz e escuridade, Sombras, Luz cegadora, Luz desviada, Luz eléctrica, Mundo do son, Que é o son?, Como oímos?, Producir son, Como se propaga o son?, Silencioso ou ruidoso?, Alto ou baixo?, Sons eléctricos.

Inclúe divertidos proxectos para facer na casa: Monicreques de sombras, reloxo de sol, xilófono, teléfono de plástico.




Física fácil para la ESO

Autor: Tejero, David y Mª Carmen Unturbe.

Edición: Madrid, Espasa Calpe, 2000.

Libro xuvenil.



Elementos esenciales: átomos, quarks y la tabla periódica.

Autor: Tweed, Matt.

Edición: Barcelona, Oniro, 2006.

Libro xuvenil.

Novo volume da colección "La aventura de la ciencia", unha serie de manuais breves destinados aos adolescentes, sobre todo aos alumnos de ensino medio. Esta nova obra acompaña aos rapaces nunha viaxe ao profundo e marabilloso mundo da materia, posible gracias aos extraordinarios coñecementos que posúemos na actualidade, pero tamén ao sabedoría e comprensión dos milenios que nos preceden. Costa crer que a combinación de algo máis de cen tipos de átomos da

lugar ao fantástico mosaico que compón ó universo visible.



Sonido

Autor: Parker, Steve.
Edición: Barcelona, Parramón, 2008.
Libro infantil.

Experimentos e interesantes proxectos de música e ondas sonoras.



Fuerzas: proyectos con máquinas y fuerzas

Autor: Parker, Steve.
Edición: Barcelona, Parramón, 2008.
Libro infantil.



Electricidad y magnetismo: proyectos y experimentos con imanes y electrones


Autor: Parker, Steve
Edición: Barcelona, Parramón, 2008.



¡Funciona!

Autor: Vilalta López, Ramón.
Edición: A Coruña, Baía, 2002.
Educación secundaria.

Batería de prácticas que xiran arredor de 44 temas de Física e Química, realizábeis con materiais de fácil adquisición. As experiencias teñen en común a finalidade: axudar a visualizar os fenómenos implicados en cada caso por parte do alumnado pero admiten diferentes obxectivos didácticos: comprobación dunha lei estudiada teoricamente, desenvolvemento de determinadas habilidades prácticas, provocar un conflito entre as ideas previas e determinados feitos experimentais, selección de diferentes hipóteses previamente formuladas ou, incluso, pequenas propostas de investigación.



Física: ¡un universo vivo!

Autor: Green, Dan.
Edición: Madrid, Espasa Calpe, 2008.
Libro infantil e xuvenil.

Os fenómenos e conceptos físicos máis diversos (ó átomo, a velocidade, as partículas alfa, a antimateria...) convértense en personaxes "manga" dotados de personalidade propia que se presentan aos nenos en primeira persoa. Unha magnífica mostra de que cómo acercar a ciencia aos nenos de forma intelixente.




¡Alucina con la química!

Autor: Winston, Robert.
Edición: Madrid, SM, 2007.
De 12 a 18 anos.

Crees que a química é aburrida?
Preguntácheste de qué están feitos os cans?
Ou por qué flota un globo inchado con helio?
Ou se existe a pedra filosofal? Sabes que a palabra átomo significa indivisible en grego?


Unha viaxe chea de experimentos divertidos, demostracións, xogos, maxia... onde coñecerás as diferentes teorías que se formularon sobre a materia, os elementos e a súa presenza na nosa vida cotiá.



Química

Atlas visuales Océano.

Obra de fácil consulta e gran valor didáctico. Desde as partículas elementais do átomo ata a química orgánica, un percorrido por todos os fundamentos actuais de esta ciencia.



La tabla periódica. Elementos con estilo

Autor: Dingle, Adrian.
Edición: Madrid, Espasa Calpe, 2008.

Un enfoque, divertido e moi eficaz, que consiste en converter os elementos químicos en personaxes "manga" dotados de personalidade propia, de modo que seus atributos convértense en trazos de carácter que explican o seu comportamento químico. Unha magnífica mostra de cómo acercar a ciencia aos nenos de forma intelixente.



O nome e o símbolo dos elementos químicos

Autor: Bermejo, M.R., González-Noya, M., Vázquez, A.M.
Edición: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, 2006.

Ensaio sobre a etimoloxía dos nomes e dos símbolos dos elementos químicos. Con explicacións sobre que é o que se entendía por "elementos" e a súa clasificación nas diferentes épocas da Historia: desde os gregos, pasando pola época alquímica, continuando polo nacemento da Química como Ciencia con Lavoisier á fronte, seguindo pola creación da táboa periódica por Medeleev e finalizando polas pelexas pola nomenclatura entre as dúas superpotencias durante a

Guerra Fría.